

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 15 de novembro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día quince de novembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.838).- AUTO DA SALA TERCEIRA DO TRIBUNAL SUPREMO NO RCA N^o PA 7971/1993. DEMANDANTE: FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DE VIGO EDUARDO CHAO. OBXECTO: IMPUGNANDO PROCEDIMENTO COBRO COTAS DO SERVIZO DE AUGAS E SANEAMENTO (EXPTE. 4642/111). DESESTIMENTO DA PARTE DEMANDANTE.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento deste Auto da Sala Terceira do TS no RCA N^o PA 7971/1993.

2(1.839).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MENELA PARA FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “RESPIRO FAMILIAR”. EXPTE. 57061/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica responsable do programa do 09-09-10, conformado polo xefe da área de Benestar Social e pola concelleira-delegada, vistos os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de datas 19 de outubro e 4 de novembro de 2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto da addenda ao convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Fundación Menela, con CIF: G36685964, para o financiamento do programa “Respiro Familiar” dirixido a familias ou cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade.

2º.- Aprobar o gasto por un importe de 2.000,00€, con cargo á partida 2310.4890009 do orzamento prorrogado do ano 2010 “Convenio Fundación Menela

“ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION “MENELA”

Vigo, ____de _____de 2010

REUNIDOS

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra parte Don Cipriano Luís Jiménez Casas con DNI 35195099-Q, en calidade de Secretario da Fundación Menela con enderezo a efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, C.P. 36203 Vigo, e co teléfono 902.505.508, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas

Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o amparo do acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de abril de 2010, subscribían ambas partes un convenio de colaboración para o financiamento dun programa de “Respiro Familiar” dirixido a familias ou cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade.

II.- De acordo coa cláusula décimo novena dese convenio, contemplase a posibilidade de incrementar a cantidade subvencionada sen que isto supoña variación nos contidos fundamentais recollidos no convenio.

A C O R D A N

PRIMEIRO.- Incrementar o importe do convenio de colaboración para o financiamento dun programa de “Respiro Familiar” dirixido a familias ou cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade na contía de 2.000 euros para o ano 2010.

SEGUNDO.- A vixencia do convenio incrementado, mantense ata o 31 de decembro de 2010 e queda condicionado ó cumprimento dos seguintes requisitos:

1.- Existencia de crédito orzamentario suficiente para o exercicio de 2010 na partida 2310.4890009.

2.- Cumprimento das obrigas contraídas a través do convenio asinado entre ambas partes o 18 de maio de 2010. Este incremento débese á ampliación do número de prazas de estadia, que pasan a ser en total 117.

En proba de conformidade, as partes comparecentes asinan e rubrican o presente documento no lugar e data antes citado.”

3(1.840).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O PROGRAMA “BENESTAR NA CASA”. EXPTE. 57513/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica responsable de Benestar Social-Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, do 15-10-2010, conformado polo xefe e pola concelleira-delegada de área, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 08-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar a prórroga do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” dende o 15 de outubro de 2010 ata o 15 de outubro de 2011.

2º- Aprobar un máximo de 110 prazas para o programa “Xantar na Casa” ata o 15 de outubro de 2011.

3º- Autorizar o gasto de 80.300,00€ con cargo á partida 2310.2260908 “Programa Xantar na Casa”, desta cantidade imputarase 15.500,00€ ao ano 2010 e 64.800,00€ ao ano 2011.

4(1.841).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE EUXA, SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SL, POLOS SERVIZOS DE XESTIÓN DA UA CEDRO DURANTE SETEMBRO DE 2010. EXPTE. 1569/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de actividades económicas do 04-11-2010, conformado polo xefe da área de Acción Social e pola Concellería-delegada, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 08-11-2010,a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 54.164,61 €, a favor de “EUXA, SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SL”, NIF. B15829518, polos servizos de xestión da Unidade Asistencial de Drogodependencias –CEDRO- durante o mes de setembro de 2010.

2º.- Imputar o gasto de 54.164,61 euros á partida orzamentaria 3133.227.99.01 “Servizo metadona”, ou Bolsa de Vinculación.

3º.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca prexuízo nin limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

5(1.842).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA, POLOS SERVICIOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DA UA CEDRO DURANTE SETEMBRO/OUTUBRO 2010. EXPTE. 1572/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de actividades económicas do 04-11-2010, conformado polo xefe da área de Acción Social e pola Concellería-delegada, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 09-11-2010,a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 9.868,34 €, a favor de “SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA”, CIF. A79252219, polos servizos de vixilancia e seguridade na Unidade Asistencial de Drogodependencias –CEDRO- durante os meses de setembro e outubro de 2010.

2º.- Imputar o gasto de 9.868,34 euros á partida orzamentaria 3133.227.01.00 “Contratación Servicio Seguridade”, ou Bolsa de Vinculación.

3º.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca prexuízo nin limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

6(1.843).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA Á FAVOR DA EMPRESA “LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.” POR IMPORTE DE 159.035,32 EUROS. EXPTE. 19019/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admon. especial do 02-11-2010, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio, visto o

informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 08-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 159.035,32 euros, IVE engadido, polo servizo de limpeza en centros municipais perante o mes de setembro, que se imputarán a partida presupostarias 92202270000 do vixente exercicio.

7(1.844).- DEVOLUCIÓN FIANZA Á EMPRESA EIRIÑA, S.L., POR OBRAS EN SANTA MARIÑA, FASE I. EXPTE. 1710/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 09-11-2010, visto o informe da Intervención Xeral do 08-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Eiriña, S.L., a fianza de 4.116,06 euros, constituída para responder das obras de construción de beirarrúas en Sta. Mariña, Fase I, xa que se recibiron conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

8(1.845).- DEVOLUCIÓN FIANZA Á PABLO CASAL NÚÑEZ, POLO SERVIZO DE DEPORTE PARA MAIORES. EXPTE. 3366/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 04-11-2010, visto o informe da Intervención Xeral do 03-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Pablo Casal Núñez, a fianza de 1.474.- euros, constituída para responder do servizo de deporte para maiores xa que se executou conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

9(1.846).- CONCESIÓN OU DENEGACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN. EXPTE. 7542/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego do 18-10-2010, conformado polo concelleiro delegado de área, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 27-10-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Conceder as seguintes axudas económicas, por un importe total de 8375,00€.

Solicitante	Empresa	CIF	Nº traball.	Importe axuda
Marina Román Doniz	ASOC. VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE	G36816106	1	1.000,00 €
José Antonio Tesouro Rodríguez	DITECNO ESPACIOS DE TRABAJO, S.L.U.	B27721240	1	1.000,00 €
Inés Fernández Pérez	FERNANDEZ PÉREZ, INÉS	76898652S	1	2.000,00 €
José Miguel Hernández García	SUFLENORSA TRANSITARIOS, S.L	B36898351	1	2.375,04 €
Alejandro Míguez González	VIGOSYSTEM SOLUCIONS INFORMÁTICAS, S RLL	B36937589	1	2.000,00 €

2º.- Denegar as seguintes axudas económicas aos solicitantes que de seguido se relacionan:

Solicitante	Empresa	CIF	Motivo denegación
Iraci De Araujo	DE ARAUJO, IRACI	X8447184C	Incumprimento requisitos para obter a condición de beneficiario no apdo. 1.2, apdo. 1.3, no punto 'l .3.5 e no apdo. 1.5 das bases reguladoras e convocatoria 2010
Alberto Acuña Couso	NIZA FUSION, C.B.	E36590891	Incumprimento requisitos para obter a condición de beneficiario no apdo. 1.2, apdo. 1.3, no punto 1.3.5 e no apdo. 1.5 no punto 1.5.1 das bases reguladoras e convocatoria 2010.
M" del Rosario Pintos Lima	OS LOBIÑOS, S.COOP. GALLEGA	F36965648	Incumprimento requisitos para obter a condición de beneficiario no apdo. 1.2, apdo. 1.3, no punto 1.3.5 e no apdo. 1.5 no punto 1.5.1 das bases reguladoras e convocatoria 2010.

10(1.847).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA LONGO, ANSA E ASOCIADOS, SL, POR SERVIZOS DE TRAMITACIÓN. EXPTE. 1551/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da directora de Ingresos do 28-10-2010, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 05-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva de gastos, de conformidade coa Base 28 de Execución de Presuposto de 2010, por importe de 10.724,02 € a favor da empresa Longo, Ansa e Asociados SL, con CIF B33473489, polos servizos de tramitación de 129 unidades urbanas de documentos 902 en parcelas de ata 10 u/u e tramitación de 82 unidades urbanas de documentos 902 en parcelas de máis de 10 u/u.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Longo Ansa y Asociados SL, por un importe de 10.724,02 €, consecuencia da factura nº 0101074 de data 26 de outubro de 2010, con cargo á partida 9310.2279.902.

11(1.848).- MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS DOS TÚNELES E PASOS INFERIORES DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO. EXPTE. 13533/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta, do xefe dos Servizos de Electromecánicos do 04-10-2010, conformado pola concelleira-delegada de Servizos Xerais, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 21-10-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva por importe total de 46.457,81 Euros, correspondente á facturación do mes de setembro do ano 2010, con cargo á partida orzamentaria “Mantemento Túneles e Pasos Inferiores” 1650.227.99.02 e á retención de crédito nº 62659, de data 3 de agosto, así como, recoñecer a obriga a favor da UTE Imes-Esycsa polo citado importe, por prestación do devandito servizo.

12(1.849).- EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO/2010. EXPTE. 7361/306.

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31.ª das normas xerais de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor do servizo de Medio Ambiente correspondentes ó mes de outubro de 2010 que se relacionan:

EXPTE.: 7361/306 – CONTRATOS MENORES – Outubro 2010							
Expte.	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
7347/306	1720.227.99.00	CMSER	Reportaxe fotográfico nas visitas ás Illas Cíes polo desenvolvemento actividades educación ambientao PNIA	Paulino J. Rodríguez Villar	01/10/2010	06/10/2010	2.478,00 €
7371/306	1720.227.99.00	CMSER	Elaboración de catálogos informativos dos miradoiros do municipio e mapas divulgativos de temática ambiental	Novocontorno, SL	13/10/2010	19/10/2010	12.685,35 €
7349/306	1720.227.99.05	CMSUB	Subministración do avituallamento aos participantes do programa de educación ambiental “Vigo nas Cíes”	Óscar Rodríguez Campo	01/10/2010	06/10/2010	2.010,00 €
7350/306	1720.227.99.05	CMSER	Transporte marítimo dos participantes no programa ambiental “Vigo nas Cíes”	Naviera Mar de Ons, SL	01/10/2010	06/10/2010	7.776,00 €

7351/306	1720.227.99.05	CMSER	Contratación de monitores, organización e coordinación persoal e actividades programa ambiental "Vigo nas Cíes"	Transgalaica, SL	01/10/2010	06/10/2010	15.900,00 €
7352/306	1720.227.99.05	CMSER	Recollida de info ambiental, trazados das rutas en GPS e deseño información "Vigo nas Cíes" para web Concello	Impac Fitness, SL	01/10/2010	06/10/2010	16.436,00 €
7358/306	1720.227.99.05	CMSUB	Subministración das equipacións para o persoal do programa de educación ambiental "Vigo nas Cíes"	Marco Antonio Lago Andión	01/10/2010	06/10/2010	514,48 €

13(1.850).- PROPOSTA DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS AO FUNCIONARIO D. MIGUEL JOSÉ GONZÁLEZ RODRÍGUEZ (EVAP). EXPTE. 34409/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, do 15-10-2010, conformado pola xefa do Servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 08-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Outorgar ao funcionaria municipal D Miguel José González Rodríguez, con núm. de persoal 14835 con posto de policía local, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolución de data 9 de novembro de 2009, no período comprendido dende o 1 de xuño ao 30 de setembro de 2010; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 1554,28€. conforme as vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 "Produtividade".

Déase traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

14(1.851).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCÍONS Á FUNCIONARIA Dª DOLORES VIEITES ALÉN (MARZO-AGOSTO 2010). EXPTE. 1549/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, do 02-11-2010, conformado pola xefa do Servizo e polo concelleiro-

delegado de Xestión Municipal, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 08-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Dar conformidade aos criterios obxectivos propostos pola directora de Ingresos para o aboamento dun complemento de produtividade á funcionaria D Dolores Visites Alén (N de persoal 77222), adscrita á Dirección de Ingresos, na cantidade de 650 € trimestrais o acadamento dun numero de actas asinadas superior a 20 e un importe de débeda tributaria liquidada superior aos 400,000.00 € e outorgar a dita funcionara un complemento de produtividade por importe de 1300.00 €, polo desempeño das tarefas encomendadas segundo resolución de data 28 de febreiro de 2008, no período marzo-agosto 2010, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Produtividade”.

15(1.852).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN AUTORIZANDO PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA Dª DORINDA BARCIELA FERNÁNDEZ. EXPTE. 20205/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de xestión de RR HH do 07-10-2010, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizara a Dª Dorinda Barciela Fernández, policía local, adscrita ó servizo de Policía Local, un permiso retribuído do 2 de novembro ó 1 de decembro de 2010, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para atender ó coidado da súa nai.

16(1.853).- DEVOLUCIÓN AVAL POR OBRA NA PORTA DO SOL A MODESTO FRAGUAS VENTÍN. EXPTE. 78762/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Transportes do 02-11-2010, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 06 de setembro de 2010 por MODESTO FRAGUAS VENTIN, CO NIF 35204054-R, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Porta do Sol, 4 por non producirse danos.

17(1.854).- DEVOLUCIÓN AVAL POR OBRA EN PROGRESO A VISUAL ÓPTICAS, CB. EXPTE. 78308/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Transportes do 02-11-2010, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de xuño de 2010 por VISUAL OPTICAS, C.B., con NIF E-36433597, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PROGRESO, 37 por non producirse danos.

18(1.855).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DA INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CONTORNO DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO. EXPTE. 205/440-590/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Servizos Xerais do 10-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Ampliar o prazo de execución das obras de “Instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento, mellora da eficiencia lumínica e mellora da seguridade vial no Entorno da Rúa Celso Emilio Ferreiro”, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 27 de xuño de 2011, non significando incremento algún sobre o importe de adxudicación da obra.

19(1.856).- RENUNCIA A BOLSA DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS DE DONA EMMA DÍAZ LÓPEZ. EXPTE. 3363/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de Turismo e Comercio, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aceptar a renuncia xustificada á “Bolsa para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos do 16 de xullo ata o 15 de novembro de 2010” presentada por

2 ENMA DÍAZ LÓPEZ 34261744R

con efectos dende o día 01 de novembro de 2010 e segundo o previsto na base sexta, parágrafo terceiro-tres das que rexen a convocatoria.

20(1.857).- TOMA DE COÑECEMENTO DAS SANCIONS URBANÍSTICAS QUE PASAN Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO. EXPTE. 4768/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo do 27-10-2010, conformado pola xerente da XMU, a Xunta de Goberno Local toma coñecemento das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de constrinximento:

1. Alonso Losada Benito (34422545D)	400 euros
2. Ramos Boguerín Ana María (00621102X)	400 euros
3. González González José Ángel (36092017A)	400 euros
4. Bastos Costas e Hna Carmen (35957544B)	400 euros
5. Ramilo Davila Lidia (35964182W)	400 euros
6. Delegaciones Reunidas Novofri S.A (A36608313)	400 euros
7. Castro González Julia (NIF 36016227K)	400 euros
8. Nieto Lorenzo José Odilio (NIF 35972501H)	400 euros
9. Alonso Martínez Demetrio (NIF 35897881X)	80 euros
10. Mella Lorenzo María Elizabet (NIF 35550259X)	400 euros
11. Montenegro González Esperanza. (NIF 35883466Q)	80 euros
12. Cencopri S.A. (NIF A-36900017)	400 euros
13. Rio del Rial Álvaro (NIF 35930436C)	400 euros
14. Puente Requejo José Manuel (NIF 36116099G)	400 euros
15. Puente Loureiro Avelino (NIF 31140610J)	400 euros
16. Parada Domínguez José Ramón (NIF 36013859E)	400 euros

21(1.858).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA UA II AS ROTEAS. EXPTE. 4982/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admon. Xeral de Planeamento e Xestión da XMU do 29-10-2010, conformado polo director dos servizos técnicos da XMU, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 4982/401 e, en especial, o informe de data 27.10.2010 do adxunto ao director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, aceptar nos termos que neles se indican a recepción das obras de urbanización incluídas no proxecto de urbanización 2ª fase da “U.A. II As Roteas”, en Hermida - Oia.

2º.- Notificar este acordo aos interesados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contado desde o día seguinte ó da súa notificación.

3º.- Dar traslado tamén do contido íntegro deste acordo ao Servizo de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, aos Departamentos municipais de Vías e Obras, Mobilidade, Transporte e Seguridade, OSPIO, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio e Estatística, así como á concesionaria Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A. e ás compañías Telefónica de España, S.A., Unión Fenosa, S.A., “R” Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A. e Gas Natural SDG, S.A.

22(1.859).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á EMPRESA ALCUBA, SA, POR OBRAS NA RÚA PALENCIA. EXPTE. 62848/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Vías e Obras, do 08-11-2010, conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución do aval a ALCUBA, S.A., constituído na data sinalada no expediente, polo importe de 1.500 euros.

23(1.860).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á EMPRESA EXCONSA POR AUTORIZACIÓN CIRCULACIÓN CAMIÓNS POLA RÚA EDUARDO IGLESIAS. EXPTE. 62735/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras, do 02-11-2010, conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 25.000,000 € (vinte cinco mil euros), a favor de Exconsa. .

24(1.861).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Á FAVOR DA EMPRESA XEGALIA, GALEGA DE XESTIÓN, SL., PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN XUVENIL NO CASTRO NO MES DE DECEMBRO DE 2009. EXPTE. 2896/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Xuventude do 15-10-2010, conformado pola concelleira-delegada de área, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 25-10-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Xuventude do 15-10-2010, conformado pola concelleira-delegada, vistos os informes da

Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral municipal de datas 25 de outubro e 3 de novembro, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar nulidade da prestación de servizos de Dinamización Xuvenil no Monte do Castro, realizados e levadas a cabo por Xegalia S.L., CIF B 36.924587, durante o mes de decembro de 2009.

2º.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito, a favor de Xegalia S.L en concepto da indemnización da cantidade de 5.468,51 € correspondente á factura nº A/888/09 de data 24 /12/09.

3º.- Recoñecer a obriga derivadas das actuacións a favor de Xegalia S.L., CIF B 36.924587, pola prestación do servizo de Dinamización Xuvenil do Monte do Castro durante o mes de decembro de 2009, factura nº A/888/09 de data 24 /12/09 por importe de 5.468,51 € con cargo á partida 3370.227.99.06.

25(1.862).- NOMEAMENTO DE COORDINADOR EN MATERIA DE SAÚDE E SEGURIDADE DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA ACTIVIDADES MUSICAIS. EXPTE. 2919/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Xuventude do 09-11-2010, conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Anular o nomeamento de D. Juan Luís Piñeiro Ferradás, como coordinador en materia de saúde e seguridade da obra de construción dun edificio para actividades musicais na parcela do Parque Tecnolóxico de Valadares, acordada pola Xunta de goberno Local en sesión do 26 de xaneiro.

2º.- Nomear ao arquitecto D. José Ramilo Hermida, DNI 36.092.957T, como coordinador en materia de Saúde e Seguridade da obra do Equipamento para Actividades Musicais no Parque Tecnolóxico de Valadares ata o remate da mesma

3º.- Abonar a D. José Ramilo Hermida, DNI 36.092.957T, o importe de 8.133,39 euros, IVE incluído, en concepto de honorarios polo desenvolvemento das tarefas de coordinación en Seguridade e Saúde, para o cal existe consignación presupostaria con cargo ao RC 17126 da partida 3370.227.99.05 “Estudos e traballos técnicos”.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

26(1.863).- AUTORIZACIÓN PARA A RECONSTRUCCIÓN DO TALUDE NO PK 1+400 DA RÚA 1 DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. EXPTE. 596/440.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Servizos Xerais do 12-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar ao Consorcio da Zona Franca, con cargo aos seus orzamentos, a realización das obras recollidas no proxecto redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Carlos Castro Blanco para o **Reconstrucción de talude inestable no PK 1+400 da rúa 1 do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (PTL)**, por importe de 68.771,82 Euros.

2º.- Condicionar o inicio das obras á presentación da seguinte documentación:

- a) Plan de Seguridade das Obras coa conformidade do Coordinador de Seguridade e Saúde.
- b) Nomeamento do director facultativo.

27(1.864)(1.865).- PLAN SEGURIDADE E SAÚDE GRUPO ELECTRÓXENO DA CASA DAS ARTES. EXPTE. 12635/331.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do departamento de Cultura do 12-11-2010, conformado polo concelleiro delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o “Plan de seguridad y salud, instalación grupo electrógeno en edificio Casa das Artes Vigo”, conformado por D. Francisco Francisco Sánchez, nº de Colexiado 1518, enxeñeiro técnico industrial, a través da empresa Plygepe S.L, coordinador de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

28(1.865).- CONVOCATORIA CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS”. EXPTE. 3818/335.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Animación Sociocultural do 12-11-2010, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación sociocultural, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a convocatoria que figura no expediente correspondente ao concurso “Vente cos Reis Magos”. Nadal 2010-2011, e que ten por obxecto seleccionar a corenta nenos/as para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2011.

29(1.866).- RESOLUCIÓN CONVOCATORIA SUBVENCIONS ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAIS. EXPTE. 3805/335.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural do 29-10-2010, conformado polo concelleiro-delegado de área, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 11-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Resolver a convocatoria de subvencións para programas de actividades de Animación Sociocultural para o ano 2010, de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 18 de outubro de 2010, a favor das entidades que se relacionan a continuación por un importe total de **99.357,07** euros con cargo a partida 451.2.489.00.00. do programa presupostario de Animación Sociocultural para o vixente exercicio polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

EXPT.	SOLICITANTE	CIF/NIF	EPIG	PROGRAMA	IMPORTE € POR ACTIVIDAD	TOTAL CONCEDIDO
1/3592	AAVV SAN ROQUE	G-36659894	3a)	Festa do Magosto	492,20	1.086,94€
			2	Día das letras galegas	594,74	
2/3593	ASOCIACION DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	G-36622835	1	Unha tarde de cine	389,66	1.271,52€
			2	O Camiño, o noso patrimonio cultural	440,93	
			3a)	Magosto ao carón do Eume	440,93	

3/3595	CIRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	G-36614097	1	Promoción e difusión da música	707,54	1.230,50 €
			3	Entroido 2010	522,96	
4/3594	ASOCIACIÓN PERUANOS EN GALICIA	G-36978450	1	Festividade folclórica	471,69	471,69 €
5/3596	ASOC. HERMANDADE CANDEAN	G-36757003	3c)	Romaría de San Cristobo	1.000	1.000
6/3597	AC E MUSICAL OS TRASNO DA GAITA	G-36949063	3a)	Os maios	389,66	389,66 €
7/3598	CLUB GAMBOA	G-36812535	1	Concerto de verán	635,76	635,76 €
8/3602	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	G-366127652	1	Promoción dos xoves pianistas	666,52	666,52 €
9/3603	CCR DE CABRAL	V-36658680	2	XXIV Romaría Pan de Millo	717,79	1.281,77€
			3a)	Carnaval infantil Festas do Entroido	563,98	
10/3604	AGRUP. COMISIONS DE FESTAS *	G-36659563	3c)	Festas Patronais (13 comisións de Festas) *	1000 por cada comisión de festas	13.000 €
11/3605	ATLANTIDA DE MATAMA	G-36620854	2	Letras galegas	481,95	963,89 €
			3a)	Entroido 2010	481,95	
12/3607	AVCU-BEADE	G-36632081	2	XXV Festa da Cereixa	922,87	2.076,59 €
			3a)	Festa de San Xoan	553,72	
			4	Beade no Bincenario da Reconquista	600,00	
13/3608	GRUPO POETICO BRETEMA	G-36846285	1	Recitais anuais poéticos	553,72	553,72 €
14/3609	AAVV PRAZA DA MIÑOCA	G-36842284	1	Coñecemos e disfrutamos dos museos da cidade	717,79	1.292,02 €
			3a)	Vivimos e conservamos a nosas tradicións	574,23	
15/3610	A MONTE DA MINA DE CASTRELOS	G-36623593	3a)	Festa de Aninovo	481,95	481,95 €
17/3612	ALBIDAYA(a. Difusión cultura arabe)	G-27729847	1	Semana da cultura arae	522,96	522,96 €
18/3613	ASOC. PENA CABALARIA	G-27737816	2	Sidra con toda a tradición	374,28	374,28 €
19/3614	ASOC. BEIRAMAR	G-36634608	1	Artes plásticas pintura	369,15	369,15 €
20/3615	CASA DE ANDALUCIA	G-36621290	1	XXII Fería de Abril -Vigo	461,44	461,44 €

21/3616	AC FESTAS CONSOLACION DE COIA	G-36633030	3b)	Festas da Consolación de Coia	8.000	8.000
22/3617	AVCD SAMPAIO	G-36648103	2	Actuacións grupo de gaitas e baile galego	615,25	1.702,19€
			1	Semana cultural	615,25	
			3a)	San Xoán	471,69	
23/3621	HERMANDAD DEVOTOS DE SAN ROQUE	G-36763225	3b)	Romaría de San Roque 2010	8.000	8.000 €
24/3622	UVCD CANDEAN	G-36863348	1	Creación arquivo histórico Fotográfico Candeán	656,27	1.209,99€
			3	San Xoan	553,72	
25/3623	ACD PABLO GALLEGO PECHECHE	G-27740836	1	XIII Memorial Pablo Gallego Pecheche	574,23	574,23 €
26/3624	ASOC. CULTURAL O COTO	G-36627941	2	XXII FESTA DO CABAZO	840,84	840,84 €
27/3625	ASOC. VECIÑAL DOUTOR FLEMING	G-36709004	3a)	Magosto Popular	461,44	461,44 €
28/3626	AV PARADA MACIÑEIRA RUAS FONTES	G-36655942	1	Outono cultural	563,98	1.025,42 €
			3a)	Fogueira de San Xoán	461,44	
29/3627	ASOC. AREAS	G-36768729	1	Club de lectura areas	522,96	522,96 €
30/3628	ASOC. FOLCLÓRICA ANDARELA	G-36698686	3a)	Magosto Popular	471,69	1.045,92,€
			2	Intercambio folclórico	574,23	
31/3642	ASOC. CULT DAVID FDEZ. RIVERA	G-27729821	1	Lendas. Homenaxe a Bécquer	553,72	1.004,91€
			4	Trepulco	451,18	
32/3641	AAVV CABRAL	G-36651073	1	Intercambio cultural en Erandio	574,23	1.097,19 €
			3a)	Fogueira de San Xoán	522,96	
33/3637	AVV FONTE DO GALO	V36655017	3a)	Magosto	522,96	522,96 €
35/3635	ASOC. CULT. DEPORT. XESTAS	G-36628543	2	XVI Certame tortilla e churrasco	594,74	594,74 €
36/3634	ASOC. FAMILIARES ALZHEIMER GALICIA	G-36776920	1	ARTE E ALZHEIMER	605,00	605,00 €
37/3633	AVVROSALIA CASTRO SALGUEIRA	G-36644904	1	Mes cultural	615,25	1.179,23 €
			3a)	San Xoán	563,98	

38/3632	AGRUP. CENTROS .DEP. E CULTURAIS	G-366127652	1	Festival música variada	615,25	2.307,19 €
			2	Obradoiros de artesanía	563,98	
			3a)	Serán popular	563,98	
			4	Acto confraternidade a través de redes sociais	563,98	
39/3631	ASO. VIGUESA ESCLEROSIS MULTIPLE	G-36816106	1	Pola creatividade á autoestima	430,67	430,67 €
40/3630	CRAC CORUXO	V-36627495	2	Homenaxe ao gaitero	646,01	1.189,48 €
			3a)	Enterro do castrón	543,47	
41/3629	AVCR SAN MAMEDE DE ZAMANS	G-3669855	3a)	Entroido 2010	488,74	1.165,51€
			2	Festa do socio	676,77	
42/3652	AVV. AS NOSAS RÚAS	G-36640985	2	Pandereteiras	389,66	779,32 €
			3a)	Magosto	389,66	
43/3651	A. COM. HOST. SANTIAGO DE VIGO	G-27715812	3a)	Entroido 2010	502,45	502,45 €
44/3650	AVCD SAN XURXO DE SAIANS	G-36648988	2	XXV FESTA DA AMISTADE	676,77	676,77 €
45/3649	AUTISMO VIGO	G-36849883	2	RECOÑECE VIGO O SEU ENTORNO.	700,00	700,00€
46/3648	SARA INES VOLPE PEREZ	X-5245626-Q	1	Ecoteatro	605,00	605,00 €
47/3647	ASO. XUVENIL XENTENOVA	G-36636538	1	Xente nova en festas	430,67	810,08€
			3a)	Magosto	379,40	
48/3646	Asoc. FONTENOVA	G-36838514	2	Intercambio cultural entre a mocidade	584,49	584,49 €
49/3645	ASOC. XOGAIS	G-36917037	2	Vigo peregrino	574,23	574,23 €
50/3544	FUNDACION IGUALARTE	G-36427524	2	Agrupación tradicional Igualarte	676,77	676,77 €
51/3643	AGRUP. VECIÑAL DE TEIS	G36646545	2	V Festa do Veciño	779,32	779,32 €
53/3660	XAIME ESTEVEZ VILA	36062550E	1	Acto homenaxe aniversario Mestre Enrique Otero	410,17	410,17 €
54/3659	ATENEO VILA DE BOUZAS	G-27733146	1	Valle Inclán, imaxes e sons de Galicia	451,18	451,18 €
55/3658	AGRUP. FOLC LEMBRANZAS GALEGAS	G-36649135	1	Festival Internacion Folclórico de Avilés	584,49	1.148,47 €
			2	Cursos de danza, música, canto e percusión	563,98	

56/3657	SAMUEL LEVI CONDE RODRIGUEZ	53182247-Z	4	Y tu más-Samuel Levi y los niños perdidos	533,22	533,22 €
57/3656	AV CAMIÑO VELLO DE COIA	G-36648186	1	Taller de teatro	584,49	1.066,43 €
			2	Xornadas de Encontro Internacional	481,95	
58/3655	AV DE NAVIA	G-36648608	3a)	Noite de San Xoán	625,50	625,50 €
59/3654	Centro Cultural Cubano en Galicia	G-36921120	1	Semana da Cultura Cubana	543,47	543,47 €
60/3653	SVCD NAUTILUS	G-36631703	3a)	San Xoán	522,96	1.620,16 €
			2	Letras galegas	574,23	
			1	Festa Intercultural	522,96	
61/3672	AV LA UNIÓN MATAMA	G-36654036	2	Fomento dos valores culturais	605,00	605,00 €
62/3671	ACC ALTERNATIVO MALAHERBA	G-36983310	2	IV Festival Sons da Lameira	553,72	953,64 €
			3a)	Magosto Popular	399,91	
63/3670	Asoc. Irmandade Festas Nosa Sra.Neves	G-36954162	2	Festa do Carballo	481,95	1.384,31 €
			3a)	San Xoán	430,67	
			3c)	Nosa sra. Das Neves	471,69	
64/3668	ADAFYC CLUB JUVENIL DOIRA	G-36621852	1	Certame video Hollywoodoira	553,72	2.112,36 €
			2	Letras galegas	502,45	
			3a)	Magosto familiar	502,45	
			4	Certame de curtos de vídeo "Videocreacións"	553,72	
65/3667	AVSCD SAN MIGUEL DE OIA	G-36.648.640	3a)	San Xoán Festas Tradicionais	492,20	1.035,67 €
			2	Letras galegas	543,47	
66/3665	ANPA ILLAS CIES DO CEIP RIA DE VIGO	G-36629152	2	A música galega dos máis pequenos	440,93	984,40€
			1	Teatro en Familia	543,47	
67/3664	Asoc. Multicultural de mulleres	G-27707405	1	Cuentos del mundo (talleres interculturais)	461,44	1.076,69€
			4	Mediateca	615,25	
68/3663	AV MOV. CIUDAD.O NOSO BARRIO	G-36784296	2	Festa A Bouza	584,49	1.066,44€
			3a)	Festa do Magosto	481,95	
69/3662	A. C.. DE ARTE PERUANO MACHUPICHU	G-27729573	1	Festival danzas multicultural	461,44	461,44 €
70/3666	AS.. MULLERES RURAIS DE COMESAÑA	G-36769495	2	Festival de primavera	553,72	200,00 €
71/3669	Borja Fernández González	53191130L	4	Galicia Sonoris	666,52	666,52 €

72/3673	COGAMI-PONTEVEDRA	G-36704195	4	Stop Motion. Cine Animado	810,08	810,08 €
73/3674	Alexandro Barberena Cosmed	36128893X	1	Concurso Fotográfico A Reconquista de Vigo	615,25	615,25 €
74/3675	AVCD LAVADORES	G-36633618	1	Promoción e difusión da música galega	440,93	1.814,99 €
			2	Día das letras galegas	440,93	
			3a)	Festa de San Xoán	492,20	
			4	Proxectos culturais de vangarda	440,93	
75/3676	AAVV VAL DO FRAGOSA	G-36640860	3a)	Magosto veciñal	465,00	1.100,76 €
			1	Outono teatral	635,76	
76/3677	SOLIDARIEDAD E INTNAL. GALICIA	G-36833648	1	Irene no Sahara	717,79	717,79 €
77/3679	ACF O FIADEIRO	G-36812204	2	IX Xornadas de portas abertas	553,72	1.056,18 €
			3a)	XI Serán Tradicional	502,45	
78/3680	SCDR HELIOS	G-36633438	2	Actividades socioculturais: folclore	615,25	1.579,23 €
			3a)	Tempo de samaiñ	400,00	
			1	Xogamos cos libros	563,98	
79/3681	ASOC. XUVENIL XUNTANZA XUVENIL	G-36744951	4	XVII Revoltallo de música emerxente	656,27	656,27€
80/3682	CCAR DE VALADARES	G-36617053	1	X Certame de Humor en Valadares	758,81	2.717,35€
			2	Ciclo de promoción da Cultura galega de raíz	728,05	
			3a)	Ciclo de festas populares	605,00	
			4	Cultura Urbana no rural	625,50	
81/3683	HERMANDADE FESTAS SAN BLAS	G-36705036	2	Festa do Marisco	502,45	1.004,91 €
			3c)	Festa patronal Santiago Apostol	502,45	
82/3684	CVC DE VALADARES	G-36805158	1	XII Certame Internacional de Regueifas	563,98	1.148,47 €
			2	Concurso de Gaitas "Nazario González Moxenas"	584,49	
84/3686	ASOC. XUVENIL MUSIQUIÑA 33MG	G-36946432	1	Festival Multiartístico	471,69	892,11 €
			4	Espazo liberado para expresión artística	420,42	

* (San Brais, San Paio- Navia, San Pedro-Sardoma, San Bieto-Monte Pequeno, Santa Baia-Alcabre, Santa Mariña-Cabral, Santa Cristina-Lavadores, San Cristobo-Candeán, El Salvador-Coruxo, Os Pexegos-Candeán, Os Dores-Cabral, San Cibrám-Bembrive, A Nosa Sra. do Rosario-Navia)

2.- Que se desestimen as solicitudes seguintes de acordo a base sétima da convocatoria e aquelas que non achegaron a documentación requirida na cláusula sexta:

- Teresa Barberena Fernández 36129165-Y (por non achegar a documentación recollida na cláusula sexta).
- Leonor Rodríguez Castro 36039110-L (por non achegar a documentación recollida na cláusula sexta).
- Asociación Stop G27729821 (cláusula sétima 2)
- AAVV Calvario G-36648293 (cláusula sétima 8)

30(1.867).- CORRECCIÓN ERRO MATERIAL NA APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ARQUIVO PACHEO. EXPTE. 240/338.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 12-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Corrixir o erro material do parágrafo 2º do punto 28 da orde do día da Xunta de Goberno Local de 22 de outubro de 2010 para a aprobación do “Expediente de contratación co prego de cláusulas administrativas particulares para a COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIGO NA XESTION E MANTEMENTO DO ARQUIVO PACHECO” no sentido de que o gasto aprobado é de 70.010,5 euros e as anualidades son : Ano 2010, 28.004,2 euros e ano 2011 de 42.006,3 euros.

31(1.868).- APROBACIÓN MEMORIA VALORDA PARQUE FINCA MATÍAS. XPTE. 5621/446.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do Servizo de Parques e Xardíns do 12-11-2010, conformado pola concelleira delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a Memoria valorada que figura no expediente 5621/446 “Acondicionamento de Parque na Finca Matías.

32(1.869).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO XEGALIA GALEGA DE XESTIÓN. EXPTE. 2902/336.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Xuventude do 19-10-2010, conformado pola concelleira-delegada de área, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral municipal do 05-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de Xegalia S.L C.I.F: B 36924587 na contía de 22.027,37 euros, correspondentes ás facturas nº A/400/10 de data 24/06/10, correspondente ao mes de xuño, por importe de 5.468,51 €, nº A/473/10, de data 24/07/2010, por importe de 5.519,62 €, nº A/531/10, de data 24/08/2010, por importe de 5.519,62 €, nº A/611/10 de data 24/09/10 por importe de 5.519,62 €.

2º.- Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor polo importe total de 22.027,37 euros, correspondentes ás facturas: nº A/400/10 de data 24/06/10, correspondente ao mes de xuño, por importe de 5.468,51 €, nº A/473/10, de data 24/07/2010, por importe de 5.519,62 €, nº A/531/10, de data 24/08/2010, por importe de 5.519,62 €, nº A/611/10 de data 24/09/10 por importe de 5.519,62 €. con cargo á partida 3370.227.99.06.

33(1.870).- ADXUDICACIÓN SERVIZO VIXILANCIA E SEGURIDADE CENTROS CÍVICOS. EXPTE. 1976/321.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación do 4-11-2010, fiscalizado pola Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar á mercantil Securitas Seguridad España S.A. o procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE VIXILANCIA DE CENTROS CÍVICOS. EXPTE. 1976/321 , por un prezo total de 288.000 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno do concello de Vigo e a oferta presentada.

34(1.871).- AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES. EXPTE 58009/301.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Benestar Social do 05-11-2010, conformado pola concelleira-delegada de área, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral municipal do 11-11-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar, da lista de espera das axudas de comedor concedidas segundo resolución de XGL de 23 de xullo de 2010, becas a alumnos/as que aparecían en dita lista de espera e que se achegan no listado adxunto (Anexo I). Esta relación comeza co alumno Waser, Silvia Adela con 6,50 puntos (pax. 311), ata Garrido Bernárdez , na páxina 411, ata o importe de 9.681,78, para o curso 2010/2011, na parte correspondente ó ano 2010, do saldo da partida 2310.480.000

Habendo un erro na regularización de pagos do colexio San Fermín, correspondente ó curso escolar 2009/10, procede acordar o pagamento de 1.652,22 euros ó colexio San Fermín, da facturación final do ano 2010 con cargo ó saldo da partida 2310.480.000.

35(1.872).- APROBACIÓN PROXECTO MODIFICACIÓN REGULAMENTO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO. EXPTE. 1177/110.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da concelleira-delegada de Facenda do 08-09-2010, vistos os informes da a Secretaría Xeral do Pleno e da Intervención Xeral Municipal de datas 9 de setembro e 11 de outubro de 2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento orgánico do Tribunal Económico-Administrativo Municipal.

2º.- Someter dito acordo, mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a información pública e audiencia ós interesados por un prazo mínimo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións.

3º.- Resolución, no seu caso, de alegacións e aprobación definitiva polo Pleno.

4º.- A aprobación inicial entenderase elevada a definitiva cando, no prazo sinalado de exposición pública, non se tivera presentado ningunha reclamación ou suxestión.

Dito acordo de aprobación definitiva, xunto co texto íntegro do regulamento deberá ser obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor, unha vez publicado, artigo 70 LRBRL, e cumprimentado o prazo fixado no artigo 65 LRBR.

36(1.873).- CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTRAS ELÉCTRICAS NAS RÚAS MANUEL ÁLVAREZ, CESÁREO VÁZQUEZ E MANUEL DE COMINGES. EXPTES. 571-572-573/440.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe administrativo da área de Servizos Xerais do 12-11-2010, conformado polo xefe e polo asesor xurídico de área, así como pola concelleira-delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Adxudicar as obras de soterramento de infraestruturas eléctricas nas rúas Cesáreo Vázquez e Manuel de Cominges á mercantil COVSA, S.A. por un prezo de 272.014,54 € e 308.160,69 € respectivamente, e un prazo de execución para cada unha delas de un mes.

2º.- Adxudicar as obras de soterramento de infraestruturas eléctricas na rúa Manuel Álvarez á mercantil HIDROMIÑO, S.L. por un prezo de 130.861,46 €, e un prazo de execución de un mes.

3º.- Todas as anteriores obras deberán executarse polos respectivos contratistas de acordo co previsto nas memorias presupostadas e nos pregos de condicións administrativas particulares aprobados para cada unha delas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 10 de outubro de 2010.

4º.- Os adxudicatarios, de conformidade co previsto no artigo 83 da LCSP, deberán presentar no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que tiveran recibido o requirimento, a documentación acreditativa de ter constituída a garantía definitiva de un 5% do importe de adxudicación (excluído o IVE) na Tesourería municipal, dado que a restante documentación esixida polo artigo 135 da LCSP e polo prego de condicións administrativas particulares, xa a achegaron cando resultaron adxudicatarios das obras de humanización da referidas rúas.

5º.- En canto á formalización dos contratos e a publicidade da mesma estarase ao previsto nos artigos 140 e 138 da LCSP.

37(1.874).- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.